

# “Un novo lugar, una nova lingua”

## Libro do profesorado

Seminario Permanente: “Iniciación á lingua galega para o alumnado inmigrante”.

**Autoras:** Blanco Díez, M<sup>a</sup> de la Oliva  
Fernández Valiño, Ana M<sup>a</sup>  
Pérez Lodeiro, M<sup>a</sup> Silvia

**1. Introducción.**

**2. O material.**

**3. Obxectivos.**

**4. Contidos.**

**5. Secuenciación das actividades.**

**6. Modo de traballo e posta en práctica.**

**7. Actividades a realizar coas tarxetas de vocabulario.**

**8. Autoras do proxecto.**

## **1. Introdución.**

Este proxecto xurdiu pola presenza cada vez máis abundante do alumnado procedente doutros países nos nosos colexios de Galicia.

As tres persoas que formamos parte do proxecto estamos nun centro no que hai moito alumnado estranxeiro e á súa vez está situado nunha localidade da provincia da Coruña, na que a lingua galega é falada de xeito natural por un amplo número dos seus habitantes. É por iso que consideramos a importancia de aprender a lingua galega e non só o castelán para tódalas persoas que chegan á nosa comunidade.

A intención é que esta lingua se aprenda de xeito natural, partindo de todo aquilo que os nosos alumnos van ter necesidade de utilizar. Para iso partimos dun conto como fio condutor, no que unha nena procedente de Chile, ven a vivir a unha aldea da nosa comunidade. Pretendemos que os nenos se vexan reflectidos nesa historia, que por capítulos irá abarcando os principais temas da vida cotiá.

Á súa vez outro obxectivo é alzar os valores da igualdade social e o respecto ás diferenzas. E reflectir tamén a importancia e o enriquecemento cultural que supón a presenza de alumnos doutros países nos nosos colexios.



A continuación facemos unha presentación do material que contén este traballo, así como os obxectivos que persigue e os contidos que se pretenden adquirir.



## 2. O Material.




O título do proxecto é “Un novo lugar, unha nova lingua”, e consta de cinco partes:


- Unha primeira parte é o **“Libro do mestre”**, no que presentamos o material e introducimos os obxectivos perseguidos, os contidos que se traballan nel e a liña pedagóxico-didáctica que seguimos para elaboralo.
- Unha segunda parte é o **“Conto”**. Éste é o fío condutor do libro do alumno. Trátase de ir seguindo a historia da nena protagonista do mesmo. Neste libro, a medida que se vai lendo aparece a necesidade de aprender o novo vocabulario que vai aparecendo nel e que se adquire coa axuda das actividades do libro do alumno.




- A terceira parte é o **“Libro do Alumno”**, que é no que se atopan un grande número de actividades variadas para traballar todos


aqueles contidos que inclúe o proxecto. Este libro está elaborado coa idea de que o profesorado conte cun suficiente número de actividades e que á súa vez lles sirvan de indicio ou base para crear outras novas. Todas estas actividades están deseñadas de xeito que sirva de material fotocopiabile. Vemos a continuación, exemplos dalgunhas delas.

O luns baixamos á  coa . Eu collín un  para ler.



**- O lapis pequeno é vermello:**





- A cuarta parte do proxecto son as **“Tarxetas de vocabulario”**.

Trátase dunha serie de tarxetas que conteñen os debuxos e as palabras (en letra maiúscula e minúscula) de todo o vocabulario que se traballa en cada capítulo.


Estas tarxetas están deseñadas cun formato referido ó tema que se traballa en cada un dos capítulos, co fin de relacionar o vocabulario co tema través tamén da memoria visual.

No primeiro capítulo as tarxetas teñen forma de libro, xa que o primeiro tema que se traballa é o colexio.

No segundo capítulo, a forma é de casa posto que é o tema do que trata.

Ademais contamos con tarxetas que van servir para tódolos capítulos que vaiamos elaborando, como son os artigos, verbos e conceptos básicos.

O fin destas tarxetas, é ter a man as palabras que traballamos e podelas consultar, realizar exercicios de tipo xogo, formar frases con elas, etc. A nosa intención é que delas, cada profesorado que as utilice saque o máximo proveito. Aquí temos algún exemplo delas.



- A quinta parte do proxecto é o software. Preténdese que o alumno poida realizar o mesmo tipo de actividades nun formato distinto ao libro.



### 3. Obxectivo:

- Descubrir o conto como tipo de narración.
- escoitar, ver e ler un conto en lingua galega.
- Aprender e utilizar o vocabulario básico e próximo ó neno en lingua galega.
- Aprender e utilizar expresións e usos habituais na lingua galega.
- Traballar o concepto de amizade.
- Valorar as diferenzas por razón de raza e lugar de orixe ou procedencia.
- Adquirir nocións e coñecementos básicos da Comunidade Galega.
- Diferenciar os conceptos de país, aldea, localidade e lingua ou idioma.
- Entender enunciados de exercicios e actividades feitas en lingua galega.
- Facer un uso habitual do vocabulario de uso típico nas escolas.

#### **4. Contidos:**

- Conceptuais:

- O conto.
- A escola.
- A casa.
- A familia.
- O corpo.
- A saúde.
- As prendas de vestir.
- Os países.
- Os números.
- O verbo, accións.
- Vocabulario

- Procedimentais:

- Realización de xeito autónomo de exercicios feitos en lingua galega.
- Uso das expresións de saúde.
- Utilización do vocabulario escolar dun xeito natural.
- Análises das diferenzas e igualdades por pertencer a lugares distintos.
- Lectura de palabras, frases e textos en lingua galega.

- Actitudinais.
  - Respecto ás diferenzas por razón de orixe e lugar de procedencia.
  - Valoración das diferenzas entre persoas por razón de orixe e lugar de procedencia.
  - Valoración da amizade entre persoas distintas.



## **5. Secuenciación das actividades.**

Tódalas actividades están secuenciadas seguindo a metodoloxía dun aprendizaxe de éxito. É dicir, partimos de exercicios doados de resolver para o neno e que cada vez vaian supoñendo unha maior dificultade.

Por outro lado, están propostas para traballar partindo da Zona de Desenvolvemento Próximo, de Vigotsky, é dicir a distancia entre o que é capaz de facer pola súa conta e o que é capaz de facer coa axuda do profesor.

En todo momento, tanto o profesor coma o neno contan coas tarxetas de vocabulario, que lle serven de apoio para a resolución dalgúns dos exercicios. A modo de exemplo, podemos mencionar que o vocabulario que se vai introducindo xa lle vai ir soando o neno a medida que pasa os días no novo lugar no que vive. Pero aínda non ten adquiridas tódalas palabras que aquí vai traballar. Coa explicación e apoio do profesor, as tarxetas de vocabulario e a resolución das actividades, o neno irá adquirindo as novas estruturas e palabras.

A secuenciación destas actividades está feita en función do vocabulario que o neno estranxeiro vai ir necesitando coñecer para a súa comunicación cos demais. Por iso, o fío condutor do mesmo é o conto, que reflexa a nova vida que leva a cabo un neno estranxeiro.

Álgunhas das actividades serven para traballar máis dun grupo de vocabulario. Os apartados nos que dividimos os grupos de actividades e que constan no libro do alumno, son os seguintes:

▪ **VOLUME 1**

- A. Actividades de saúdos.
- B. Actividades de presentación.
- C. Actividades de vocabulario: material e mobiliario escolar.
- D. As dependencias do colexio.
- E. Conceptos básicos, cores, verbos, números, o artigo.
- F. Horario e materias.
- G. O persoal do colexio.
- H. Actividades de repaso.

▪ **VOLUME 2**

- A. Actividades de vocabulario da cociña.
- B. Actividades de vocabulario do salón.
- C. Actividades de vocabulario do cuarto de baño.
- D. Actividades de vocabulario das habitacións.
- E. Actividades de vocabulario das accións, meses e números.
- F. Actividades da familia.
- G. O exterior da casa e os tipos de vivenda.
- H. Actividades de repaso.

▪ **VOLUME 3**

- A. Actividades de vocabulario do corpo.
- B. Actividades de vocabulario dos sentidos.
- C. Actividades de vocabulario da roupa.
- D. Actividades de vocabulario da saúde.
- E. Actividades de vocabulario das accións, números e conceptos básicos.
- F. Actividades de repaso.

Cada volume do proxecto contén arredor de 70 actividades, que están feitas coa idea de que sexan útiles e entretidas para os alumnos e á súa vez sirvan de referente a cada mestre para elaborar outras similares.

## **6. Modo de traballo e posta en práctica.**

Aínda que o proxecto pode utilizarse como cada un vexa máis adecuado, damos unhas indicacións de como levalo a cabo co alumno.


Partimos da idea de que os alumnos ós que se dirixe non coñecen case nada da lingua galega e chegan á nosa comunidade, na que é necesario aprendela.

Xa ó entrar no colexio, os nenos pouco a pouco van ir familiarizándose con expresións cotiás e o vocabulario que se utiliza día tras día. Para afondar e adquirilo correctamente, propoñemos o noso proxecto.

A primeira lectura do conto sería por parte do mestre, que iría explicándoo mediante apoio visual, manual e xestual. Unha segunda lectura, xa se faría por páxinas, nas cales atopamos enlaces a través das palabras do conto cara o vocabulario a traballar. Así iriamos realizando as distintas actividades do libro do alumno a ampliándoas coas que cada un dos mestres estime oportuna.

Para a realización das actividades, debemos ter as tarxetas de vocabulario a man, para que sirvan de apoio ó aprendizaxe e poder realiza-las actividades pola súa conta.

A maiores, estas tarxetas elaborámolas neste formato plastificado e manexable para que poidan utilizarse na realización de exercicios orais e lúdicos.





## **7. Actividades a realizar coas tarxetas de vocabulario:**

### **1. Emparella as tarxetas de vocabulario e explica o motivo.**

Póñense as tarxetas sobre a mesa e van emparellándose. Neste xogo trabállase a expresión e o vocabulario aprendido.

### **2. Xogo do burro.**

Vanse dicindo nomes de obxectos e cando coincide lévaste as cartas.

### **3. Xogo de memoria levantando las cartas.**

### **4. Coloco a casa, colexio...**

Facer un póster da cociña (por exemplo e ir poñendo os obxectos onde nos digan ou explicar onde se poñen.

### **5. Crebacabezas de tarxetas.**

### **6. Que é?**

Facer tarxetas sen o nome ou sen o debuxo e completalas.

### **7. Ordenar a casa por habitacións.**

### **8. Clasifica.**

Ir poñendo por categorías no menor tempo posible.

### **9. Onde está?**

Esconder obxectos coas tarxetas e ir atopándoo mediante explicacións.

### **10. Empeza por.....**

Se saca unha letra e hai que dicir tódalas palabras que se nos ocorran sobre un tema antes acordado.

**11. Adiviña o que debuxo.**

**12. Adiviña co; meus xeitos.**

**13. Descrición de obxectos.**

**14. Colle a tarxeta.**

Colócanse todas enriba dunha mesa. O mestre a describe e o que a atopa leva un punto.

**15. O bingo.**

Repártense as tarxetas e cada un as coloca como quere en filas de seis. O mestra vai sacando papeliños co nome e o que o ten pon unha marca.

**16. Fago frases.**

Facer frases coas tarxetas utilizándoas como pictogramas.

**17. A palabra prohibida.**

Explícase un obxecto sen mencionar algunha palabra prohibida.

**18. Familia de palabras.**

Dicir palabras segundo unha categoría e ir tachando as correctas. É un xogo por parellas.

**19. Formo unha frase.**

Colócanse as tarxetas por categorías (verbos, nomes, etc).

Levántase unha de cada montón e hai que formar unha frase.

**20. O máis rápido.**

O mestre ensina unha tarxeta e a esconde. Os nenos teñen que escribir o nome do que é e soltar o lapis. O que primeiro a escriba gaña un punto.

**8. Autoras do proxecto.**

- Blanco Díez, M<sup>a</sup> de la Oliva. Mestra en Educación Primaria (Pedagogía Terapéutica) e licenciada en Psicopedagogía.
- Budiño Mata, Remedios. Mestra en Educación Primaria (Inglés).
- Pérez Lodeiro, M<sup>a</sup> Silvia. Mestra en Educación Primaria (Pedagogía Terapéutica).